



CONCELLOS

LOURENZÁ

Anuncio

O Concello Pleno, na sesión celebrada o pasado día 24 de xullo de 2025, aprobou, con carácter inicial, o Orzamento Municipal para o exercicio económico do ano 2025, o Cadro do persoal funcionario e laboral, as Bases de Execución e toda a documentación anexa incorporada o expediente, para o exercicio económico 2025.

O devandito expediente permaneceu exposto ao público durante quince días hábiles, trala publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 174 do 31 de xullo de 2025. Non presentándose reclamacións ou alegacións ao mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 20.3 do referido R.D. 500/90 e 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise pública a aprobación definitiva do expediente de Orzamento Xeral do Concello de Concello de Lourenzá para exercicio 2025, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

GASTOS 2025		
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN
1	Gastos de Personal	1.405.289,34
2	Gastos Corrientes en Bienes y Servicios	638.941,86
3	Gastos Financieros	3.982,00
4	Transferencias Corrientes	217.568,96
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	2.265.782,16
6	Inversiones Reales	541.715,36
7	Transferencias de Capital	7.000,00
8	Activos Financieros	0,00
9	Pasivos Financieros	11.600,00
	TOTAL OPERACIONES CAPITAL	560.315,36
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	2.826.097,52

INGRESOS 2025		
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN
1	Impuestos Directos	653.292,23
2	Impuestos Indirectos	76.940,00
3	Tasas, Precios Públicos y otros Ingresos	276.460,00
4	Transferencias Corrientes	1.266.909,85

5	Ingresos Patrimoniales	4.100,00
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	2.277.702,08
6	Enajenación de Inversiones Reales	0,00
7	Transferencias de Capital	548.395,44
8	Activos Financieros	0,00
9	Pasivos Financieros	0,00
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	548.395,44
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	2.826.097,52

Así mesmo e de conformidade co establecido no artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, publícase o anexo relativo o Cadro do Persoal aprobado para o exercicio 2025:

CADRO PERSOAL FUNCIONARIO

Nº PRAZAS	CODIGO PRAZA	DENOMINACION PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	SIT
1. FUNCIONARIO CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL				
1	PF01	SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	A/A1	O
2. ADMINISTRACIÓN GENERAL				
2.1 SUBESCALA DE XESTIÓN				
1	PF02	TÉCNICO/A XESTIÓN	A/A2	O
2.2 SUBESCALA ADMINISTRATIVA				
1	PF03	ADMINISTRATIVO	C/C1	VND
1	PF04	ADMINISTRATIVO	C/C1	O
1	PF05	ADMINISTRATIVO	C/C1	O
3. ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
3.1 SUBESCALA TÉCNICA				
3.1.1 CLASE DE TÉCNICOS SUPERIORES				
1	PF06	ARQUITECTO/A	A/A1	O
1	PF07	PSICOLOGO/A	A/A1	O
1	PF08	TÉCNICO/A DEPORTIVO/A	A/A1	VD(P.I funcionarización)
3.1.2 CLASE DE TÉCNICOS MEDIOS				
1	PF09	TRABALLADOR/A SOCIAL	A/A2	VD(P.I funcionarización)

3.1.3 CLASE DE TÉCNICOS AUXILIARES				
1	PF10	TÉCNICO SUPERIOR ELECTRICIDADE E ELECTRONICA, OFICIOS MULTIPLES, MAQUINISTA-CONDUCTOR/A	B	O
1	PF11	TÉCNICO SUPERIOR DE TURISMO	B	VND
3.2 SUBESCALA DE SERVICIOS ESPECIALES				
3.2.1 CLASE PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIALES				
1	PF12	TÉCNICO DE CULTURA E FESTEXOS	A/A1	VD(P.I funcionarización)

CADRO DO PERSOAL LABORAL

Nº PRAZAS	CODIGO PRAZA	DENOMINACION PRAZA	SIT
1	PL24	TECNICO DE CULTURA E FESTEXOS "A EXTINGUIR"	O
1	PL25	TECNICO/A DEPORTIVO/A "A EXTINGUIR"	O
1	PL26	TRABALLADOR/A SOCIAL "A EXTINGUIR"	O
1	PL01	MESTRE/A EDUCACION INFANTIL	O
1	PL02	MESTRE/A EDUCACION INFANTIL	O
1	PL03	MESTRE/A EDUCACION INFANTIL	O
1	PL04	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	O
1	PL05	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	O
1	PL06	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	VD
1	PL07	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	O
1	PL08	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	VD
1	PL09	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	VD
1	PL10	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	VD
1	PL11	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	VD
1	PL12	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	O
1	PL13	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	VD
1	PL14	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	VND
1	PL15	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	VND

1	PL16	CONSERXE, , OPERARIO/A SERVIZOS MULTIPLES,CONDUCTOR/A	O
1	PL17	CONSERXE, , OPERARIO/A SERVIZOS MULTIPLES,CONDUCTOR/A	O
1	PL18	CONSERXE, , OPERARIO/A SERVIZOS MULTIPLES,CONDUCTOR/A	O
1	PL19	OPERARIOA SERVIZOS MULTIPLES,MAQUINISTA CONDUCTOR/A	O
1	PL20	OPERARIOA SERVIZOS MULTIPLES,MAQUINISTA CONDUCTOR/A	O
1	PL21	OPERARIO/A LIMPADOR/A	O
1	PL22	OPERARIO/A LIMPADOR/A	VND
1	PL23	OPERARIO/A LIMPADOR/A	O

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos procedentes, significándose que contra a aprobación definitiva do mesmo, e a tenor do establecido no artigo 171.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen nas normas da devandita xurisdición.

Lourenzá, 2 de setembro de 2025.- A Alcaldesa – Presidenta, Rocío López García.

R. 2483

OUROL

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do concello de Oural, en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e nove de agosto de dous mil vinte e cinco, aprobou as Bases reguladoras para a convocatoria de axudas transporte ao alumnado do concello de Oural que realice estudos fóra do termo municipal (Curso académico 2024-2025), que literalmente son as seguintes:

“BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS TRANSPORTE AO ALUMNADO DO CONCELLO DE OUROL QUE REALICE ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL (CURSO ACADÉMICO 2024-2025).

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS.

Convocatoria de concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles/as alumnos/-as do Concello que estudan fóra do termo municipal durante o curso 2024-2025.

2. BENEFICIARIOS/-AS.

Poderán ser beneficiarios/-as destas axudas aqueles xoves do Concello de Oural que estean cursando Bacharelato ou algunha modalidade de ciclos formativos de grao medio ou superior e graos, másters, teses ou doutorados universitarios, agás os realizados na modalidade de formación a distancia ou online.

Quedan excluídos destas axudas aqueles estudantes que puideron ser solicitantes da “Tarxeta Xente Nova”, da Xunta de Galicia, durante o Curso 2024-2025.

Aqueles estudantes que, por causa da idade, se viran excluídos durante o Curso 2024-2025, do ámbito de aplicación da “Tarxeta Xente Nova”, poderán solicitar estas axudas, polos meses do curso que se viran excluídos, (considerarase que o curso vai dende setembro a xullo).

3. REQUISITOS.

Serán requisitos necesarios para a concesión de axudas:

3.1.- Estar empregado/a no Concello de Oural

3.2.- Figurar matriculado/a no curso académico 2024-2025 en centros de ensinanza financiados con fondos públicos nos que se cursen os estudos relacionados na base 2.

4. TIPO DE AXUDAS.

Os xoves que cumpran os requisitos anteriormente mencionados serán beneficiarios/as dunha axuda económica de pagamento único, sendo esa cantidade idéntica para cada beneficiario/-a, segundo a quilometraxe na que estea incluído, (tomarase como punto de partido a sede do concello de Ourense). A cantidade concedida será aprobada posteriormente polo órgano competente con arranxo aos seguintes criterios:

- De 1km. a 15 km 100 euros
- De 15km. a 50km..... 150 euros
- De 50km. a 175km..... 200 euros
- De máis de 175km..... 250 euros

Aqueles estudantes, que cumpran os requisitos da base 3ª e cursen estudos fóra de Galicia, poderán ser beneficiarios/as dunha axuda única de trescentos euros (300,00 €).

Para a concesión destas axudas existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 323.480 do orzamento municipal do exercicio 2025.

5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita polo/a interesado/a segundo o modelo oficial que será distribuído aos/ás interesados/as que así o desexen no Rexistro Xeral do Concello de Ourense dentro do prazo indicado, aportando a seguinte documentación:

- 1.- Solicitude debidamente cumprimentada e asinada polo/a interesado/a (se é menor de idade, polo seu pai, nai ou tutor).
- 2.- Fotocopia do DNI do/a solicitante debidamente cotexado co seu orixinal.
- 3.- Certificación bancaria da conta corrente do/a interesado/a, no seu caso.

Xustificación para o cobro da axuda.

A documentación a aportar será a seguinte:

1. Para os/as alumnos/as universitarios/as:
 - 1.1.- Fotocopia da matrícula cotexada co seu orixinal.
 - 1.2.- Extracto do expediente universitario ou certificación do centro académico de terse presentado polo menos ao 50% das materias correspondentes á matrícula do curso 2024-2025.
 - 1.3.- Documentación que acredite a localidade onde se están a cursar os estudos.
2. Para os/as alumnos/as de Bacharelato ou Formación profesional:
 - 2.1.- Fotocopia cotexada do boletín de cualificacións ou certificación académica expedida polo centro ou certificación do centro de terse presentado polo menos ao 50% das materias correspondentes á matrícula no curso 2024-2025.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes e a documentación requirida presentárase no Rexistro Xeral do Concello de Ourense. O prazo de presentación de solicitudes e demais documentación xustificativa da axuda, é de 15 días naturais, que se computará a partir do día seguinte ao da publicación das bases desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se o último día de presentación das solicitudes coincidise en sábado, domingo ou festivo prorrogárase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

7. PUBLICIDADE.

A presente convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

8. COMISIÓN AVALIADORA.

A comisión avaliadora será designada polo Sr. Alcalde-Presidente, quen tamén fixará a data da súa reunión.

9. RESOLUCIÓN.

O órgano competente para a concesión das axudas, emitirá un acordo de concesión ou denegación debidamente motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.

As axudas concedidas serán notificadas individualmente e serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello.”

Ourol, 29 de agosto de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2470

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 26 de agosto de 2025, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 2º TRIMESTRE DE 2025**.

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

ANUNCIO DE COBRANZA.

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de setembro de 2025 ó día 31 de outubro de 2025, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes serán cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

CANON DA AUGA: A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditos obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, 28 de agosto de 2025.- O Alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 2471

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 28 de agosto de 2025, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência e de dependencia correspondente ao mes de xullo de 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 28 de agosto de 2025.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2472

TABOADA

Anuncio

RELACIÓN DE APROBADOS

Concluindo o procedemento para a provisión en propiedade DUNHA PRAZA TÉCNICO/A ADMINISTRATIVO/A POLO PROCEDEMENTO DE PROMOCIÓN INTERNA, E POR SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2025 aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 28 de maio de 2025 publicadas no BOP de Lugo nº 124 de data 2 de xuño de 2025 e a convocatoria no BOE nº 142 de data 13 de xuño de 2025.

Publícase para o seu xeral coñecemento a relación de aprobados por orde de puntuación TÉCNICO/A ADMINISTRATIVO/A, que é a seguinte:

NOME	DNI	PUNTUACIÓN MÉRITOS	PUNTUACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO	PUNTUACIÓN SEGUNDO EXERCICIO	PUNTUACIÓN TOTAL
GARCÍA OSORIO LORENA	***4326**	10,00	36,00	43,29	89,29

Atendendo á anterior lista, propónse o nomeamento como TÉCNICO/A ADMINISTRATIVO a favor de:

GARCÍA OSORIO LORENA	***4326**
----------------------	-----------

A aspirante proposta deberán acreditar ante este Concello, no prazo de vinte días desde a publicación do presente Anuncio os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Taboada, 2 de setembro de 2025.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2484

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XULLO DE 2025.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2025-0718 o día 28 agosto de 2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de xullo de 2025 polo importe total de 6.425,59€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 29 de agosto de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2473